



## **SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 29 DE ABRIL DE 2021**

No despacho da Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día vinte e nove de abril de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión telemática, a través da plataforma Zoom, a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: dona Lúa Sanguineo Álvarez, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa dona Elisa Pestonit Barreiros e don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto.

Faise constar que asiste tamén ao acto dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal**

O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2021, aprobou participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS + 2021"** da Deputación Provincial da Coruña, e aprobar os proxectos das obras incluídos neste plan.

Con data 14 de abril de 2021 recibíronse os requirimentos da Deputación Provincial da Coruña para emendar varios dos proxectos presentados, sen que conste nos ditos requirimentos a data límite para presentación da emenda.

Postos en contacto coa Deputación Provincial comunicánnos que a documentación debe estar presentada a través da plataforma Subtel como data límite o día 30 de abril de 2021.

Tendo en conta que as correccións dos proxectos non estiveron preparadas ata última hora do día de onte, 28 de abril, e que o proceso administrativo para a subida de ficheiros a través da plataforma Subtel fai necesario contar co maior prazo posible de tempo para evitar posibles incidencias, o que fai que non sexa recomendable agardar á celebración do pleno ordinario do día de hoxe, xa que iso suporía que non se podería subir a documentación ata mañá día 30 de abril, co posible risco de fallo da plataforma e peche do prazo de emenda.

Tendo en conta que as correccións efectuadas afectan unicamente a cuestións técnicas, sen que se modifique o obxecto nin orzamentos dos proxectos aprobados polo Pleno municipal en sesión de data 28 de xaneiro de 2021.

Vistas as propostas de aprobación dos proxectos corrixidos que a seguir se relacionan e remitidas a esta Alcaldía:

- "Mellora do espazo exterior do Centro Social de Pravio".
- "Mellora da accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da rúa Cambre-Temple e rúa Carballo".
- "Reordenación da rúa María Mariño. Cambre"
- Mellora da accesibilidade no entorno da escola de música Sementeira de Sigrás".
- "Reforma integral da praza Fernando Buesa"
- "Mellora da accesibilidade no entorno do Polígono do Temple"

Por todo isto, o señor presidente manifesta que considera adecuadamente xustificada a urxencia da convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta o disposto no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal:

*"a) Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, agás no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros."*

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

## **2º.- Proposta de aprobación do proxecto corrixido, segundo supervisión da Deputación Provincial, de "Mellora do espazo exterior do Centro Social de Pravio".**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 29 de abril de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

"O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2021, aprobou o proxecto que de seguido se relaciona, incluído dentro do Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS + 2021":

<b>Denominación</b>	<b>Redactor</b>	<b>Importe (IVE engadido)</b>
Mellora do espazo exterior do Centro Social de Pravio	José Ramón Díaz Barbeito Arquitecto municipal	34.994,31 €

Con data 15 de abril de 2021 recibíuse un requirimento da Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto presentado, no que se indican que deben ser corrixidas as seguintes incidencias:

"Examinado o proxecto en cuestión, en relación coa integridade que ven determinada pola normativa vixente (artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; art. 6 do CTE aprobado por Real Decreto

314/2006; demais concordante), emítase INFORME DESFAVORABLE por considerar que, para cumprir cos requisitos esixidos, deben ser corrixidas as seguintes deficiencias:

#### Proxecto

- No Estudo de xestión de refugallos a estimación de cantidades parece que non se corresponde con este proxecto.
- Xustifícase a non necesidade de estudo xeotécnico; achegárase información xeotécnica do terreo (contido mínimo do proxecto segundo o CTE/2006, anexos á memoria)

#### Planos

- Completarase a documentación gráfica para que a obra quede perfectamente definida

#### Pregos

- Eliminarase o prego de cláusulas administrativas; é de aplicación o Prego de cláusulas administrativas da Deputación da Coruña, á Lei 9/2017 de contratos do sector público e ao RD 1098/2001."

O proxecto foi corrixido polo técnico municipal redactor do mesmo, o arquitecto municipal José Ramón Díaz Barbeito, coa data do 28 de abril de 2021.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Único:** Aprobar o proxecto corrixido denominado "Mellora do espazo exterior do Centro Social de Pravio", redactado polo arquitecto municipal José Ramón Díaz Barbeito, e asinado electronicamente o 28 de abril de 2021."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**3º.- Proposta de aprobación do proxecto corrixido, segundo supervisión da Deputación Provincial, de "Mellora da accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da rúa Cambre-Temple e rúa Carballo".**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 28 de abril de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

"O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2021, aprobou o proxecto que de seguido se relaciona, incluído dentro do Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS + 2021":

Denominación	Redactor	Importe (IVE engadido)
Mellora da accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da rúa Cambre-Temple e rúa Carballo	David Sarmiento Nogueira Arquitecto (colegiado nº 2833 C.O.A.G.)	40.000,00 €

Con data 14 de abril de 2021 recibíuse un requirimento da Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto presentado, no que se indican que deben ser corrixiadas as seguintes incidencias:

“Examinado o proxecto en cuestión, en relación coa integridade que ven determinada pola normativa vixente (artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; art. 6 do CTE aprobado por Real Decreto 314/2006; demais concordante), emíttese INFORME DESFAVORABLE por considerar que, para cumprir cos requisitos esixidos, deben ser corrixiadas as seguintes deficiencias:

#### Proxecto

- nas medicións sinálanse elementos de cimentación e estrutura de altura considerables que non se identifican en proxecto (alturas de 3.48, 3.77 e 5.09); esta cuestión debe aclararse
- o CTE/2006 non resulta de aplicación a obras de urbanización que non fiquen adscritas a edificación

#### Accesibilidade

- a Orden VIV 561/2010 sinala para os pavimentos direccionais e de aviso uns largos establecidos (0.80 e 0.60m) que non se cumpren en proxecto (1.20m)
- xustificarse que o pavimento de adoquín cumpre as condicións de accesibilidade
- debe xustificarse que a rampla, escaleiras e varanda cumpren as condicións esixidas pola normativa estatal e autonómica

#### Planos

- Completarse a documentación gráfica para que a obra quede perfectamente definida e queden identificadas todas as unidades de obra

#### Pregos de prescricións técnicas particulares

- Eliminaranse as cláusulas administrativas; é de aplicación o Prego de cláusulas administrativas da Deputación da Coruña, á Lei 9/2017 de contratos do sector público e ao RD 1098/2001

#### Orzamento

- As partidas alzadas non poden superar o 5% do orzamento de execución material, segundo as bases do POS+2021
- Achegarase cadro de prezos unitarios (man de obra, maquinaria e materiais)
- todos os custos de xestión de refugallos deben recollese en capítulo independente dentro do orzamento (partida 1.09)”

O proxecto foi corrixiado polo técnico redactor e supervisado polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, segundo informe emitido o 28 de abril de 2021.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Único:** Aprobar o proxecto corrixiado denominado “Mellora da accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da rúa Cambre-Temple e rúa Carballo 15660 Cambre.Enero 2021. Corrección abril

2021 ", redactado polo arquitecto David Sarmiento Nogueira, e asinado electronicamente o 28 de abril de 2021."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **4º.- Proposta de aprobación do proxecto corrixido, segundo supervisión da Deputación Provincial, corrixido de "Reordenación da rúa María Mariño. Cambre"**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 28 de abril de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

"O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2021, aprobou o proxecto que de seguido se relaciona, incluído dentro do Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS + 2021":

Denominación	Redactor	Importe (IVE engadido)
Reordenación da rúa María Mariño. Cambre	Alejandro Peña López Enxeñeiro de camiños, canles e portos	124.479,66 €

Con data 14 de abril de 2021 recibíuse un requirimento da Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto presentado, no que se indican que deben ser corrixidas as seguintes incidencias:

##### Planos

- O pavimento táctil indicador de lousa acanalada do paso se peóns do extremo superior da rúa está mal situado nos planos de plantas xerais. Deberá colocarse centrado no paso tal e como se fai no plano núm. 8.2 "Firmes e pavimentos. Detalles".

- Das dúas prazas sinaladas como accesibles, só unha delas cumpre as condicións do art. 35.4 da Orcen VIV 561/2010. A zona de aproximación e transferencia deberá situarse na parte posterior do espazo de estacionamento. Sendo a rúa dun único sentido, este espazo non pode compartirse por 2 prazas, xa que é "anterior" a unha delas.

##### Prego de condicións

- Debe eliminarse do prego de condicións técnicas aquelas cláusulas administrativas contrarias ao Prego de cláusulas administrativas da Deputación da Coruña, á Lei 9/2017 de contratos do sector público e ao RD 1098/2001 (Art. 1.3 -Disposicións xerais-, apartados I.1.6.2, I.1.6.9, I.1.10.8, I.1.10.10...)."

O proxecto foi corrixido polo técnico redactor e supervisado polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, segundo informe emitido o 28 de abril de 2021.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución núm. 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Único:** Aprobar o proxecto corrixido denominado “Reordenación da rúa María Mariño.Cambre. Enero 2021 (corregido abril 2021)”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Alejandro Peña López, e asinado electronicamente o 28 de abril de 2021.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**5º.- Proposta de aprobación do proxecto corrixido, segundo supervisión da Deputación Provincial, corrixido de “Mellora da accesibilidade no entorno da escola de música Sementeira de Sigrás”.**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 28 de abril de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2021, aprobou o proxecto que de seguido se relaciona, incluído dentro do Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS + 2021”:

Denominación	Redactor	Importe (IVE engadido)
Mellora da accesibilidade no entorno da escola de música Sementeira de Sigrás	Elena Bartolomé Delanoë Enxeñeira Técnica de Obras Públicas Municipal	57.310,89 €

Con data 14 de abril de 2021 recibíuse un requirimento da Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto presentado, no que se indican que deben ser corrixidas as seguintes incidencias:

- Debe xustificarse o cumprimento da normativa de accesibilidade (Orde VIV 561/2010) na memoria e nos planos.
- O proxecto deberá incluír un plan de control de calidade.
- Debe eliminarse do prego de condicións técnicas aquelas cláusulas de tipo administrativo contrarias ao Prego de cláusulas administrativas da Deputación da Coruña, á Lei 9/2017 de contratos do sector público e ao RD 1098/2001 (páx. 146 e seguintes do PDF).
- A estimación da cantidade de residuos do estudo de xestión de residuos non se corresponde coas características das obras e polo tanto tampouco o orzamento.
- A memoria debe incluír os cálculos ou xustificación estrutural do muro de pedra.
- Segundo as bases do POS o importe total das partidas alzadas (sen descomposición) debe ser inferior ao 5% do OEM.
- O proxecto debe incluír os planos necesarios para que a obra quede perfectamente definida. É necesario un plano topográfico, plano de seccións e planta coas cotas necesarias e as referencias nas que se fundamentará a implantación das obras. Tamén é preciso incluír planos de detalle, nomeadamente do muro de pedra e a súa cimentación.”

O proxecto foi corrixido pola técnica municipal redactora do mesmo, a enxeñeira técnica de obras públicas municipal Elena Bartolomé Delanoë, coa data do 27 de abril de 2021.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da



Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Único:** Aprobar o proxecto corrixido denominado “Mellora da accesibilidade no entorno da escola de música Sementeira de Sigrás. Supervisado. Abril 2021”, redactado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal Elena Bartolomé Delanoë, e asinado electronicamente o 27 de abril de 2021”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**6º.- Proposta de aprobación do proxecto corrixido, segundo supervisión da Deputación Provincial, corrixido de "Reforma integral da praza Fernando Buesa"**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 29 de abril de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2021, aprobou o proxecto que de seguido se relaciona, incluído dentro do Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS + 2021”:

Denominación	Redactor	Importe (IVE engadido)
Reforma integral da praza Fernando Buesa	José Ramón Díaz Barbeito Arquitecto municipal	300.000,00 €

Con data 14 de abril de 2021 recibíuse un requirimento da Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto presentado, no que se indican que deben ser corrixidas as seguintes incidencias:

"Proxecto

- Segundo consta no Estudo básico de seguridade e saúde o número de xornadas previstas é de 500, polo que habería que redactar un Estudo de seguridade e saúde, circunstancia que debe aclararse
- No Estudo de xestión de refugallos a estimación de cantidades parece que non se corresponde con este proxecto
- O CTE non resulta de aplicación ao non existir elementos de urbanización adscritos a unha edificación
- Xuntarase o programa de desenvolvemento do traballo con previsión de tempo e custo
- Segundo as bases do POS+2021 as partidas alzadas non poden superar o 5% do orzamento de execución material
- Non existe correspondencia entre a xustificación da normativa galega de accesibilidade galega e a estatal
- Eliminarase a referencia a marcas comerciais (santa&cole) agás no caso da excepción prevista no art.127 da L 9/2017, en cuxo caso se acompañará da expresión “ ou equivalente”
- Achegarase cálculo dos muros de contención, así como xustificación das características xeotécnicas do terro

Planos

- Completarse a documentación gráfica para que a obra quede perfectamente definida

### Pregos

- Eliminarase o prego de cláusulas administrativas; é de aplicación o Prego de cláusulas administrativas da Deputación da Coruña, á Lei 9/2017 de contratos do sector público e ao RD 1098/2001
- O prego de prescricións técnicas particulares é xenérico e correspóndese con obras de edificación".

O proxecto foi corrixido polo técnico municipal redactor do mesmo, o arquitecto municipal José Ramón Díaz Barbeito, coa data do 28 de abril de 2021.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Único:** Aprobar o proxecto corrixido denominado “Reforma integral da praza Fernando Buesa.El Temple. Diciembre 2020. Corregido Abril 2021”, redactado polo arquitecto municipal José Ramón Díaz Barbeito, e asinado electronicamente o 28 de abril de 2021.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **7º.- Proposta de aprobación do proxecto corrixido, segundo supervisión da Deputación Provincial, de "Mellora da accesibilidade no entorno do Polígono do Temple"**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 28 de abril de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2021, aprobou o proxecto que de seguido se relaciona, incluído dentro do Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS + 2021”:

Denominación	Redactor	Importe (IVE engadido)
Mellora da accesibilidade no entorno do Polígono do Temple	Elena Bartolomé Delanoë Enxeñeira Técnica de Obras Públicas Municipal	148.822,45 €

Con data 14 de abril de 2021 recibíuse un requirimento da Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto presentado, no que se indican que deben ser corrixidas as seguintes incidencias:

- Debe xustificarse o cumprimento da normativa de accesibilidade (Orde VIV 561/2010) na memoria e nos planos.
- O proxecto deberá incluír un plan de control de calidade.
- Debe eliminarse do prego de condicións técnicas aquelas cláusulas de tipo administrativo contrarias ao Prego de cláusulas administrativas da Deputación da Coruña, á Lei 9/2017 de contratos do sector público e ao RD 1098/2001 (páx. 147 e seguintes do PDF)
- A estimación da cantidade de residuos do estudo de xestión de residuos non se corresponde coas características das obras e polo tanto tampouco o orzamento.



- Nos prezos descompostos da arqueta e do pozo de rexistro especificábase que están excluídos a escavación e o posterior recheo, pero estas partidas non aparecen despois medidas aparte.
- Os descompostos de demolicións e escavación deben ser coherentes co estudo de xestión de residuos, por exemplo, a partida de levantamento dos bordos inclúe a carga, transporte e canon de vertido."

O proxecto foi corrixido pola técnica municipal redactora do mesmo, a enxeñeira técnica de obras públicas municipal Elena Bartolomé Delanoë, coa data do 27 de abril de 2021.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Único:** Aprobar o proxecto corrixido denominado “Mellora da accesibilidade no entorno do Polígono do Temple. Supervisado. Abril 2021”, redactado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal Elena Bartolomé Delanoë, e asinado electronicamente o 27 de abril de 2021”

Por don Juan González Leirós, concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras, infórmase que esta mesma mañá, e a solicitude vía telefónica do persoal técnico da Deputación Provincial, pola enxeñeira técnica de obras municipal téñense levado a cabo as seguintes modificacións no proxecto asinado o 27 de abril de 2021:

- Substituíuse o Anexo V, relativo ao cumprimento da normativa de accesibilidade.
- No capítulo III de pavimentos do orzamento, na partida correspondente ao pavimento de formigón, engadiuse a referencia a que “incluíuse parte proporcional de sinalización con pavimento táctil”, con base no estipulado na Orde de Vivenda VIV/561/2010

e tense procedido a asinar novamente o proxecto con esta data.

Tendo en conta canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou o proxecto corrixido denominado “Mellora da accesibilidade no entorno do Polígono do Temple. Supervisado. Abril 2021”, redactado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal Elena Bartolomé Delanoë, e asinado electronicamente o 29 de abril de 2021

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e quince minutos, do que eu, secretaria xeral, certifico.

O presidente  
Juan González Leirós

A secretaria xeral  
María Luisa de la Red Ampudia